

Carme Adán

**FEMINISMO  
E COÑECEMENTO**

---

Da experiencia das mulleres  
ao cíborg



ESPIRAL MAIOR  
UNIVERSITAS

# ESPIRAL MAIOR UNIVERSITAS

Dirección literaria MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO

Deseño da colección: P. A. Estévez

Maquetación: Amparo Manteiga

Reservados todos os dereitos de reprodución:  
nin a totalidade nin parte deste libro  
poden reproducirse ou transmitirse por ningún  
procedemento electrónico, mecánico ou fotográfico  
sen permiso escrito da editorial.

© Carne Adán Villamarín

© Edicións Espiral Maior, S. L.

EDICIÓN S ESPIRAL MAIOR, S. L.

Avda. General Sanjurjo, 179 – 15006 A Coruña

Apartado de Correos 192 – 15080 A Coruña

Teléfono: (981) 17 10 78 / Fax: 881 91 68 62

Correo electrónico: [espiralmaior@cemiga.es](mailto:espiralmaior@cemiga.es)

I. S. B. N.: 84-95625-62-8

Depósito Legal: C-631/03

A CORUÑA – GALICIA – 2003

## LIMIAR

*Muller, fun mar. Mar silenciada  
por costumes que chegan da "Caverna".*

PURA VÁZQUEZ

É difícil hoxe en día deixar de recoñecer o impacto do movemento feminista en todos os eidos, dende os máis cotiáns aos máis excepcionais. Non obstante, mesmo quen conceden que é un dos movementos máis relevantes do século XX, e que produciu grandes cambios, puntualizan, moitas veces, de seguido que por iso o feminismo, o que tiña que dicir e facer xa está acadado e que, polo tanto, é algo trasnoitado, pasado de moda ou que só ten interese para unhas cantas que aínda viven no pasado ou teñen morriña del. En resumo, o feminismo non tería a día de hoxe razón de ser, tería esgotado o seu potencial. Esta visión dáse con frecuencia en certas esferas académicas, teóricas. Constátase tamén que para moitas das mulleres novas, e entre as universitarias, o feminismo é algo do pasado, non ten nada que ofrecerlles, identificándoo coa igualdade de dereitos pero, significativamente, descoñecendo a súa historia e as súas propostas, en definitiva, non o ven como referente para os seus problemas. Orabén, é certo que o que se coñece como a segunda onda do movemento feminista, isto é, o dos anos sesenta e setenta, tivo unha enorme presenza pública, e actuou como unha onda expansiva, aínda que con diferentes tempos e intensidades. Así en Galiza foi serodio e tivo menos presenza, mesmo en relación con outras partes do Estado. Logo deuse paso a un movemento menos visible, menos público quizais, atravesado por diferentes tendencias teóricas e prácticas, e que leva a falar de feminismos mellor que de feminismo, pero non por iso menos importante, e sen perder un mínimo común, nomeadamente, enfrontarse ás cuestións conceptuais, normativas ou políticas que xorden dun contexto práctico. Nos oitenta e nos noventa se ben non se ve un movemento daquelas características, sen embargo, a presencia no mundo académico é

salientable –naqueles países que foron por diante na loita feminista– dando lugar a un extenso e consistente corpo bibliográfico que recolle o que se está a levar a cabo nos distintos campos. Aquelas opinións, entón, non semellan de todo atinadas, e comezan a contrastar coa realidade actual, é dicir, coa forza e a creatividade, coa vitalidade dos movementos de mulleres, sobre todo das mulleres do Sul, coa súa presenza a nivel mundial (Viena, Beijing, Portoalegre) e por iso que ante os novos acontecementos: globalización económica, movementos migratorios, problemas ecolóxicos, feminización da pobreza e acrecentamento das diferencias entre ricos e pobres, se fale dun feminismo global, plural, cunha axenda común que non é froito da fantasía dunhas cantas, senón de realidades concretas, e de aí tamén a necesidade dun enfoque feminista que teña en conta os perigos e vantaxes das novas tecnoloxías da vida, da información e da comunicación, ecofeminismo, feminismo poscolonial, ou ciberfeminismo son algunhas das propostas tentativas. Feminismo e coñecemento ofrécenos a posibilidade de achegarnos aos debates. desenvolvidos nas últimas décadas sobre a cuestión do coñecemento, a través destes debates teóricos percibimos claramente os problemas prácticos, o xeito de enfrontarse a eles, de tentar resolvelos. Cóntanos unha parte desta historia que por máis que sexa filosófica, ou precisamente por iso, non perde o obxectivo da acción e a política.

Saír da caverna, ousar pensar. Pensar, coñecer, actuar. Cantas voltas se lle ten dado e se lle segue a dar, cantos compromisos e implicacións éticas e políticas. Dende que as mulleres deixan de ser obxecto e adoitan posicións de suxeitos de pensamento, de coñecemento, de acción, achamos novas leituras, outros problemas, fórmulanse interrogantes, ábreanse camiños no intento de artellar pensamento e acción, de comprender e problematizar o dado, de saber o que acontece, de propiciar unha mellor e máis xusta visión do mundo. A teoría feminista, ou se se quere o feminismo académico, como dixemos, ten suscitado nas últimas décadas un amplo abano de temas e problemas. Un teimudo traballo na liña de aprofundar no axuste coa tradición, de amosar a recepción acrítica do seu legado, de revisión crítica das concepcións filosóficas, históricas, sociolóxicas, políticas e de facerse cun dos núcleos duros da nosa cultura, sobre o que pesaba e pesa un tupido veo de racionalidade, verdade, neutralidade, obxectividade, evidencia, imparcialidade, é dicir facerse co coñecemento, coas ciencias sociais e da natureza. Nun momento no que o tempo e o espazo se comprimen, no que os avances científicos e técnicos están mudando, alterando, quizais máis que nunca, as relacións humanas, económicas, sociais, políticas, a empresa de intervir e de como intervir no

coñecemento e na ciencia tórnase prioritaria, ineludible para todos e, unha vez máis, para as mulleres. Hoxe que a ciencia, a técnico-ciencia, as novas tecnoloxías fan posible que nos atopemos con ciberavoaos, cando menos no ámbito privilexiado das sociedades desenvolvidas, xunto cunha grande e crecente feminización da pobreza, co crecemento das desigualdades en xeral, intervir na ciencia e producir mellores teorías non pode desvencellarse dos compromisos normativos coa liberdade e a igualdade, co igual valor moral das persoas. Da man de Carme Adán imos vendo as reflexións e propostas, os espazos discursivos onde se están a xestar e a xerar ferramentas úteis para apreixar o que acontece e transformar a realidade.

A relación do feminismo co coñecemento e a ciencia, como cos sistemas de pensamento, é unha relación, dicíamos, mediada polos intereses práctico-políticos. Dende esta perspectiva as posicións respecto á ciencia van mudando e sobre todo dende que as mulleres dispoñen dos medios de produción e interpretación. Podería esquematizarse isto sinalando que nun primeiro momento dáse un rexeitamento da ciencia, tamén da filosofía, por considerala patriarcal, agroman posicións anti-ciencia e antiteoría, dáse primacía absoluta á acción, para pasar por outro momento que tenta criticar as teorías amosando a construción masculina do coñecemento, ata posicións máis recentes que consideran unha cuestión fundamental dar a batalla no interior e no exterior da ciencia e o coñecemento por que é aí onde se xoga o máis importante: a definición ou redefinición do ser humano, de acordo con Maria Mies, a ciencia segue a ter o poder de definición do que é humano e do que non o é. É neste terreo no que hai que intervir, coñecemento e ciencia non son alleos aos valores sociais, nisto radica unha das ideas máis relevantes da crítica feminista, esta incide na natureza social do suxeito ou suxeitos que coñecen, analiza o coñecemento científico como unha práctica social, atendendo non só aos problemas éticos e políticos da aplicación senón a todo o propio proceso de investigación e produción científica: dende os temas que se investigan, aos contidos, métodos, instrumentos, á pregunta respecto da lexitimidade ou autoridade que se outorga a certos problemas. *Do centro ás marxas, das marxas ó centro e sen centro e sen marxas*, os epígrafes empregados por Carme Adán reflicten moi axeitadamente os movementos, as diferentes énfases que se producen ao interior do debate sobre o coñecemento. Dende a crítica á ciencia patriarcal, ao sexismo e a necesidade de revisión histórica que faga visibles ás mulleres, á crítica ao androcentrismo, a constatación da segregación xerárquica e institucional, á necesidade de aportar outras visións, de ter en conta outros valores,

botando abaixo o mito da ciencia neutral e da visión do coñecemento como unha “visión dende arriba” cal “ollo divino”. O percorrido analítico e crítico lévanos a entender que significado ten a inclusión das mulleres, cales son as teses que defenden o privilexio epistémico dos oprimidos, que implica a pregunta pola posibilidade dunha ciencia feminista, ou que conleva a radicalización política dos coñecementos situados. Achámonos así ante os desafíos teóricos do empirismo feminista, das teóricas do punto de vista, ou do cíborg. Vemos como o escepticismo radical, antiteórico e anticientífico, é substituído polo “san escepticismo” que comportan as distintas conceptualizacións dun construcionismo social non relativista e que son acaídas a un mínimo de realismo, sen merma do interese práctico ou político. Os espazos, as voces ou as miradas, pois as metáforas espaciais, auditivas ou ópticas tamén son importantes, percíbense de xeito claro nas distintas autoras tratadas: Helen Longino, Nancy Harstock, Evelyn Fox-Keller, Sandra Harding, D. Haraway, por citar ás máis relevantes, pero tamén noutras moitas que teñen o seu sitio neste texto. Malia as diferencias todas comparten a necesidade de interrelacionar ontoloxía, epistemoloxía, ética e política, todas sinalan o papel dos valores no quefacer cognitivo, todas ven a necesidade de introducir novos valores, constitutivos, alternativos, afastándose do hiperconstructivismo, que ameaza de novo cunha caída no escepticismo e na fragmentación. Perseguindo algo máis, polo tanto, que describir axeitadamente as teorías. Quizais non estea de máis subliñar que o camiño encetado pola epistemoloxía feminista, polos estudos de ciencia é xénero, non foi nin é doado.

Feminismo e coñecemento ven encher neste sentido un oco temático na medida en que nos ofrece unha magnífica sistematización das ideas e do contexto de debate intelectual e político dun ámbito, como vimos de sinalar, bastante novo, rico e complexo. Preséntanos os problemas conceptuais ou normativos dos diferentes armazóns que tentan construír unha explicación, e faino dun xeito claro, indo ao cerne do asunto, cartografando. En concreto sobresa a excelente exposición e o enorme esforzo realizado para facer comprensible o non sempre fácil pensamento da autora do “Manifesto para cíborgs” Donna Haraway. Só por isto paga a pena internarse na súa lectura. Orabén, o traballo de Carme Adán non se detén aí. Se o coñecemento é unha práctica social, como ela mesma salienta, non pode, xa que logo, permanecer inmune a unha das construcións sociais máis importantes, isto é, a da identidade sexual ou de xénero, de aí que formule unha interrogante necesaria e acaída sobre o xénero, a experiencia das mulleres e a situación, sobre as ferramentas feministas para transformar os espazos de saber existentes. É aquí onde

teima no esforzo crítico e onde desprega os resortes analíticos con grande precisión. Achéganos aos problemas da materialidade, da corporalidade, da contextualidade do coñecemento, e a súa conexión coa cuestión política do suxeito mulleres. Amósanos as virtualidades deste campo problemático e abre camiños a futuras pescudas. Compre salientar, pois, que a súa aportación é novidosa nun dobre sentido, polo que respecta á tarefa de sistematización das distintas correntes epistemolóxicas e pola aportación á clarificación das ferramentas conceptuais. Que sexa novidosa non quer dicir que esquezamos que Feminismo e coñecemento ven a seguir o camiño encetado no campo dos estudos de ciencia e xénero por parte doutras mulleres no estado español, que ela coñece moi ben e do que da conta ao longo do texto e na bibliografía.

Ata aquí quixen obxectivar aquilo que é importante e polo que paga a pena unha lectura detida deste texto, máis iso non implica que teña que renunciar a recoñecer que o meu coñecemento do texto e da autora sexa parcial, por algo estou a prologalo. O noso primeiro encontro estivo mediado pola relación alumna/profesora durante a carreira, mais o seu interese ía polos vieiros da lóxica e a filosofía da ciencia, en concreto, da lóxica borrosa e a intelixencia artificial. Logo comezou a súa propia tarefa docente. Eu, pola miña parte continuaba coa filosofía moral e política, coas teorías da xustiza e a teoría feminista. Un bo día produciuse unha feliz coincidencia. Carme Adán quería conectar aquel ámbito máis abstracto no que estaba a investigar con cuestións máis preto da práctica. A esas alturas eu tamén tiña claro o que as teóricas políticas feministas poñían de manifesto unha e outra vez, as interrelacións entre ontoloxía, epistemoloxía, ética e política; unhas suscribían o realismo interno, outras os coñecementos situados.... Así pois viñemos a converxer en tratar de unir e non xustapoñer, as cuestións epistemolóxicas, normativas e políticas. Esta feliz coincidencia puxo en marcha unha investigación á que Carme Adán se adicou durante varios anos, nos que a nosa conversa foi constante e sumamente enriquecedora para min. A súa capacidade de traballo, a pertinencia das súas preguntas, a perspicacia das súas observacións supuxéronme un grande estímulo e obrigáronme a pensar, pois como nos lembra Celia Amorós en *Tiempo de feminismo* “Ninguén pensa só, pero as feministas menos. E menos nun mundo cada vez máis horrorosamente complexo e que nos pon cada vez máis difícil, por non dicir imposible, a tarefa filosófica, comprometida criticamente cun movemento social, así mesmo difuso e complexo, de tentar pensalo en conceptos. E, para colmo, en plena crise dos conceptos”. Pensar con, pensar contra. A conversa iniciada, con incursións nas ecofeministas que

traducimos e traballamos, con charlas sobre o divino e o humano, e dicir, os fillo/as, o ensino, a política, a vida, aínda continua. O froito deses anos de esforzo de Carme, pasando e superando o cansazo que lle é propio a esta caste de aventuras, callaron na presentación da tese de doutoramento, a primeira versión do que agora toma forma de libro. Agardo, e penso que a autora tamén, que da lectura deste libro se infira que non se trata dun exercicio académico sen máis, aínda que sexa o seu trasfondo e sexa audible e visible o enorme e valioso traballo que hai detrás. Con iso só abondaría. Orabén o máis importante é que a autora consegue facernos pensar sobre a nosa existencia teórica e práctica. En tempos de vertixe compre non deixarse levar por el e, antes de pasar páxina, pararnos a ver o que acontece, novo ou vello, coas lentes axeitadas.

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO